

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AOS GASTOS DERIVADOS DA XESTIÓN DUNHAS OBRAS URGENTES NA ZONA RURAL (AGADER) .

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 42-2024, por un importe total de 17.953,00 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura aos gastos derivados da xestión dunhas obras urgentes na zona rural (AGADER).

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1248/2024, do 30.08.2024 así como o RCMOD Ref.: 58261/2024, por importe de 17.953,00 €, do 29.08.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financieiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, e son indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

Neste caso, débese considerar que corresponde a aplicacións da mesma área de gasto, e co mesmo responsable da área xestora, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais. Dicar tamén que corresponde á achega municipal obligatoria para un proxecto de gasto financiado parcialmente pola Xunta de Galicia.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 17.953,00 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

Intervención
LVP/lrb
Refª: ispac6357561504467619593.doc
Asunto: Decreto aprobación TC 42-2024 AGADER

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P</u>	<u>IMPORTE €</u>
45910.21000	17.953,00 €	45910.60900	24XX00035	17.953,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	17.953,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		17.953,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.